

DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

PROGRAMACIÓN PARA O CURSO 2022/2023

IES A POBRA DO CARAMIÑAL

José Manuel Penedo Casas

Índice

1. Introducción e contextualización
2. A contribución da área de Lingua Francesa ao logro das competencias básicas.
3. A avaliación: a avaliación inicial, os procedementos e os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación
4. Procedemento a seguir para a etapa entre a avaliación final de xuño e a extraordinaria
5. A secuencia de obxectivos e contidos para 2º da ESO
6. Os estándares de aprendizaxe secuenciados por cursos e trimestres, os instrumentos, así como os procedementos de avaliación para cada estándar
7. Metodoloxía e materiais curriculares
8. Os mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva.
9. As medidas de atención á diversidade.
10. O programa de reforzo para o alumnado que non superara a área en anos anteriores.
11. As actividades complementarias e extraescolares.
12. O Departamento de Francés e a lectura
13. O Departamento de Francés e as TICs
14. A programación da educación en valores
15. As accións de contribución ao plan de convivencia
16. Os procedementos para avaliar a propia programación

1. Introducción e contextualización

O departamento de Francés para o ano 2022 / 2023 contará con dúas persoas e terá ao seu cargo 4 grupos de 1º, 4 de 2º e 2 de 3º. Seguindo as instrucións da administración, a presente programación solo versará sobre o nivel de 2º da ESO, xa que para os cursos impares se elaborará a través do programa PROENS.

En calquera caso o departamento está formado por dúas persoas que se reparten os grupos citados da seguinte maneira: O xefe de departamento, José Manuel Penedo, daralle clase aos grupos de segundo e terceiro, mentres que a profesora Inés Silva Rodríguez impartiralle a materia aos grupos de primeiro. Esta profesora completa o seu horario coa materia de música, oratoria, e proxecto competencial.

O IES Pobra do Caramiñal para o presente curso académico conta cun total de 345 alumnos entre ESO e Bacharelato, a maioría dos cales procede dun entorno socioeconómico e cultural medio, sen grandes problemas de comportamento. O Departamento de Francés impartiralle clase de lingua francesa a 178 alumnos, 67 en 1º, 77 en 2º, e 34 en 3º.

2. A contribución da área de Lingua Francesa ao logro das competencias básicas

Non cabe dúbida de que as linguas estranxeiras contribúen notablemente ao logro da **competencia lingüística** pois ofrecen numerosas oportunidades para interactuar en situacións de comunicación. Situacións de comunicación que se producirían, no caso das linguas estranxeiras, en contacto con sociedades diferentes e polo tanto cos seus rasgos culturais e sociais propios, co que a materia contribúe dunha maneira notable á valoración dos elementos do patrimonio artístico francés (**Conciencia e expresións culturais / Competencia social e cívica**). A área de Lingua Francesa poderá, por outra parte, axudar a desenvolver a habilidade do alumnado para **aprender a aprender**, xa que o estudo continuado da propia área xunto cos coñecementos que ten noutras linguas, levarano a establecer mecanismos e pautas para deducir palabras ou expresións descoñecidas nunha situación de comunicación determinada. Os propios erros serán en certo modo a base da súa aprendizaxe e da paulatina mellora das habilidades comunicativas. Non podemos por outra parte atribuírle á área de Lingua Francesa a capacidade de contribuír decisivamente á **competencia matemática ou a competencia en ciencia e tecnoloxía**, e tampouco ao **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** do alumnado, a non ser dun modo transversal e a través de actividades puntuais, pero si o de achegalo ao mundo dixital (**competencia dixital**) e ao do tratamento da información a través das múltiples actividades en rede que se levarán a cabo ao longo do ano.

3. A avaliación: a avaliación inicial, os procedementos e os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación

Avaliación inicial

Nos cursos de 2º, o profesorado levará a cabo una pequena avaliación inicial para comprobar a vixencia dos contidos teóricamente adquiridos ata o momento polo alumnado, e de acordo con isto, poderanse plantexar determinadas tarefas para repasar o temario do ano anterior. Non obstante, cabe sinalar que o estudo dunha lingua estranxeira supón ver una e outra vez os mesmos conceptos, co que as citadas tarefas poderían omitirse, procedendo a iniciar o estudo do libro de texto. Loxicamente, o profesorado terá que valorar en función do nivel dos grupos, a pertinencia dos labores de repaso

Ao longo do curso, os alumnos estarán informados do seu progreso no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lle irán dando: corrección das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, corrección do caderno de clase (libro de exercicios) e dos traballos que se vaian propoñendo. Unha vez ao trimestre informarase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais e aos alumnos dos progresos destes no proceso de aprendizaxe a través da cualificación da avaliación, que se calculará de acordo coas especificacións que se recollen no párrafo seguinte, e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, ao titor de cada grupo. Ao remate do curso valorarase o rendemento académico dos alumnos, así como a súa dedicación e esforzo, mediante a cualificación final que se determinará de acordo coas especificacións e criterios de cualificacións que se detallan nos puntos seguintes.

Os procedementos para a avaliación

Os procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar o progreso dos alumnos no proceso de aprendizaxe serán os seguintes:

- Probas escritas
- Probas orais
- Producións dos alumnos:
 - Traballos individuais realizados na clase ou en casa
 - Traballos en grupo realizados na clase ou na casa.
 - Dramatizacións
 - Intercambios alumno / alumno, alumno / profesorado
 - Asambleas
 - Libro de exercicios

Os instrumentos de avaliación

Considerando que os instrumentos de avaliación son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, estes serán de dous tipos.

a. As propias producións dos alumnos:

- Probas escritas
- Interaccións diarias
- Probas orais
- Traballos dos alumnos
- Libro de exercicios

b. O caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

Criteria para determinar as cualificacións trimestrais

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

	Instrumentos de Avaliación	Observacións	Ponderación
A	Probas escritas obxectivas (exames)	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata 1 decimal. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. Procurarase levar a cabo alomenos dúas probas dese tipo por trimestre, unha por cada unidade.	40%
B	Probas orais, presentacións, traballos persoais.	Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos, podendo expresarse ata 1 decimal. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. Procurarase levar a cabo alomenos dúas probas dese tipo por trimestre, unha por cada unidade.	40%
C	Caderno de clase Cadro de observación e rexistro de incidencias da actitude do alumno na aula	Ao comezo de cada trimestre, o alumno disporá de 2 puntos iniciais que se irán reducindo cada vez que o alumno non traía os deberes, non traía o material (libro de texto e de exercicios), non faga ou non corrixa as tarefas propostas na clase, e dun modo xeral, a cada vez que o alumno non teña unha actitude adecuada na aula (conductas disruptivas, interrupcións constantes, falta de respecto...)	20%

Como se indica no recadro anterior, tanto para o apartado A coma para o B, procurarase levar a cabo alomenos dúas probas por trimestre (20% + 20% da nota en cada apartado), pero de non poder cumprilo por falta de tempo ou calquera outra continxencia, so se fará unha, que suporá loxicamente por ela sola o 40% da nota.

Todo alumno que reciba máis de 5 partes de incidencia ao longo do ano por falta de orden non poderá superar a área de francés, xa que denotaría unha falta total de respecto ás normas de convivencia.

A cualificación final da avaliación trimestral será calculada entón da seguinte maneira:

CUALIFICACIÓN = Apartado A x 0.4 + Apartado B x 0.4 + Apartado C x 0.2

A cualificación exprésase en números enteiros nos boletíns de notas. Non obstante, a cualificación final das diferentes avaliacións, poderá exprésase cun decimal, co que neste caso, redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos. Malia todo, para ter a cualificación de aprobado, haberá que acadar un 5 sen o redondeo previo. Así, no caso de acadar unha nota de 4,7 por exemplo, non se redondeará ao 5 e a nota do boletín será un 4.

En relación á cualificación final, hai que ter en conta que a materia de francés réxese polo criterio de avaliación continua. Polo tanto, para aprobar a materia o alumno deberá necesariamente ter superada a 3º avaliación. De haber unha progresión continua na que se demostre que o alumno foi progresando axeitadamente e que os seus resultados seguiron unha liña regular, non se terán en conta a 1º e 2º avaliación para a avaliación final. Porén, de observarse un desleixamento ao longo dalgunha das avaliacións (flagrante desinterese, desidia, deixamento, actitudes que terían loxicamente como consecuencia unha nota baixa na avaliación parcial), entón computaranse as tres avaliacións da seguinte maneira: 1º avaliación: 25%, 2º avaliación: 25%, 3º avaliación: 50%.

Así pois, en relación á nota final, esta será a mesma ca da 3º avaliación, pero poderá ser superior no caso de que o alumno entregue algunha tarefa suplementaria no período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a final.

4. Procedemento a seguir para a etapa entre a avaliación final de xuño e a extraordinaria

Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, o alumnado que non aprobara a terceira avaliación terá que acudir a clase para realizar tarefas de reforzo e repaso orientadas a resolver o exame escrito extraordinario que terá lugar nos últimos días do curso. Esa proba recollerá a totalidade dos contidos vistos ao longo do ano. Para superar finalmente a materia, terá que sacar nese exame unha nota mínima dun 5, sen redondeo previo.

No caso do alumnado coa asignatura aprobada, plantexaríanse tarefas de consolidación e ampliación, dándolle a posibilidade de subir a nota coa entrega dunha tarefa concreta.

5. A secuencia de obxectivos e contidos para 2º de ESO

- Comprender a información global e esencial de mensaxes orais sinxelas relacionadas coa vida de cotío e cos temas tratados na aula.
- Percibir e reproducir os elementos de pronunciación, entoación e ritmo da lingua.
- Entender e utiliza-lo francés como lingua de comunicación dentro da aula.
- Producir mensaxes escritas sinxelas ou textos de imitación a partir de pautas.
- Dominar a estrutura básica da frase e construír pequenos textos, organizando as ideas e a información de forma coherente e comprensible.
- Organizar o propio traballo con eficacia, utilizando o material de aprendizaxe básico (libro de texto, cadros gramaticais, caderno persoal, diccionario...)
- Fomentar unha actitude favorable cara á materia, facendo participar aos alumnos de forma activa e receptiva.
- Aplicar estratexias de comprensión na comunicación oral e escrita para capta-lo sentido dunha mensaxe sin necesidade de entendelo exhaustivamente.
- Reflexionar sobre o funcionamento do sistema lingüístico do idioma estranxeiro.
- Adaptarse ao traballo en grupo, respectando aos compañeiros, colaborando e asumindo con responsabilidade as tarefas que deban realizarse.

- Utilizar o vocabulario e as estruturas adecuadas segundo o tema nunha situación comunicativa concreta, tanto oral como por escrito.

Contidos 2º curso

1º trimestre

Conceptos lingüísticos

Reactivación dos coñecementos adquiridos

As preposicións de lugar

Jouer à / faire du / jouer d'un ...

Avoir mal à, au, aux, à l'

Moi aussi / moi non plus

Aller à, au, aux, à l'

Venir du, de la, de l', des

O futuro próximo

Conceptos pragmáticos / discursivos

Communicar na clase

Situar no espacio

Falar das súas actividades e lecer

Falar de proxectos inmediatos

Expresar sensacións

Indicar a pertenza

Indicar un itinerario

Aceptar, refusar

Conceptos léxicos

Expresións útiles para a clase

Roupa e cores

O lecer

As sensacións (fame, sono, medo...)

Adxectivos para a descripción

As sensacións

A cidade

As profesións

Conceptos socioculturais

A Unión Europea

2º trimestre

Conceptos lingüísticos

Adxectivos posesivos

Je voudrais...

Os pronomes complementos co imperativo

A cantidade

As preposicións de lugar

Introducción ao pasado composto

Conceptos pragmáticos / discursivos

Invitara alguén, aceptar, refusar unha invitación

Expresar a posesión

Mercar nun comercio

Explicar unha receita de cociña

Falar da súa casa, os obxectos persoais

Contar acontecementos en pasado

Conceptos léxicos

Comprar e comercios

Os alimentos

As receitas

A casa, os mobles

Expresións de lugar

Conceptos socioculturais

Festas tradicionais en

Francia

3º trimestre

Conceptos lingüísticos

O pronome "en"

O pasado composto

O comparativo e o superlativo

O futuro simple

Verbos irregulares

Os pronomes COD

Conceptos pragmáticos / discursivos

Facer un pedido nun restaurante

Falar dos seus hábitos, da súa alimentación

Contar anécdotas en pasado

Falar do tempo, as estacións

Informarse e dar informacións sobre animais

Comparar

Falar do futuro

Conceptos léxicos

Poñer a mesa

Expresións de tempo

Os alimentos

As estacións e a meteoroloxía

Os animais

Expresións de tempo en futuro

Os conceptos fonéticos propiamente ditos traballaranse a partir dos materiais didácticos e das situacións de comunicación plantexadas aos alumnos e non se levará a cabo un estudo dos mesmos dunha maneira sistemática e estruturada.

Actitudes

As actitudes son fundamentais para poder levar a cabo as actividades con éxito. Pídeselle ao alumnado unha actitude positiva e respectuosa, que aborde o estudo e as actividades plantexadas con interese e que colabore ordenadamente nas tarefas de grupo. As actividades orais de interacción entre o alumnado e o profesor serán constantes ao longo do ano, polo que é importante que este participe activamente nas mesmas perdendo a vergoña e certo sentido do ridículo que poida eventualmente sentir ao tratar de expresarse nun idioma que lles resulta pouco familiar. Así mesmo, o alumnado deberá valorar o coñecemento das linguas estranxeiras como instrumento para a comunicación intercultural.

Ningún alumno será avaliado de forma positiva se non acata os contidos actitudinais.

6. Os estándares de aprendizaxe por cursos e por trimestres. O grao mínimo para superar a área, os instrumentos e os procedementos de avaliación.

TEMPORAL			
CURSO	Francés		
NIVEL	2º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Segunda lingua estranxeira (SLE)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN		C.C.
						Instrumentos de avaliación /		
						Procedementos de avaliación		
Bloque 1: Comprensión de textos orais								
SLE-B1.2	2º-SLEB1.1 - Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Entrevista.	CCL, CAA, CCEC, CD	

	<p>2º-SLEB1.2 - Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.</p>	<p>pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.</p>	X	X	X	<p>INSTRUMENTOS: Entrevista. Asamblea.</p>	<p>CCEC, CD</p>
SLE-B1.3	<p>2º-SLEB1.3 - Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como</p>	<p>Comprende o sentido global de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Audicións varias.</p> <p>INSTRUMENTOS: Entrevista.</p>	<p>CCL, CAA, CCEC, CD</p>

	<p>instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p>	<p>inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p>					
SLE-B1.4	<p>2º-SLEB1.4 - Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde,</p>	<p>Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.</p>	<p>CCL, CAA, CCEC, CD</p>

	sensacións e sentimentos moi elementais.						
Bloque 2: Producción de textos orais							
SLE-B2.1	2º-SLEB2.1 - Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CSIEE, CCL, CAA, CCEC, CD
SLE-B2.2	2º-SLEB2.2 - Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía	Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CCL, CAA, CCEC,

	<p>máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p>saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións,</p>				<p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	<p>CD</p>
<p>SLE-B2.3</p>	<p>2º-SLEB2.3 - Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións</p>	<p>Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>X</p>	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Cuestionario pechado.</p>	<p>CCL, CAA, CCEC, CD</p>

	<p>moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>	<p>sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p>					
SLE-B2.4	<p>2º-SLEB2.4 - Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo</p>	<p>Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Producións orais. Asamblea.</p>	<p>CCL, CAA, CCEC, CD</p>

	na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.						
SLE-B2.4	2º-SLEB2.4 - Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.	Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Cuestionario pechado. Proba obxectiva. Rúbrica.</p>	CCL, CAA, CCEC, CD

Bloque 3: Comprensión de textos escritos							
SLE-B3.1	2º-SLEB3.1 - Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CCL, CD, CAA, CSIEE
SLE-B3.2	2º-SLEB3.2 - Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.	Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	CCL, CAA, CCEC

	<p>2º-SLEB3.3 - Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p>	<p>sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p>	X	X	X	<p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	<p>CAA, CCEC</p>
SLE-B3.4	<p>2º-SLEB3.4 - Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.</p>	<p>Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación. Cuestionario pechado.</p>	<p>CCL, CAA, CCEC, CD</p>

Bloque 4: Producción de textos escritos							
SLE-B4.1	2º-SLEB4.1 - Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Rúbrica.</p>	CCL, CD, CAA, CSIEE
SLE-B4.2	2º-SLEB4.2 - Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba obxectiva.</p>	CCL, CAA, CCEC, CD

	2º-SLEB4.3 - Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.	mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.	X	X	X	INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCEC, CD
SLE-B4.4	2º-SLEB4.4 - Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou	Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Rúbrica.</p>	CCL, CAA, CCEC, CD

	<p>tarafa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>						
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe								
SLE-B5.1	<p>2º-SLEB5.1 - Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.).</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	<p>CCL, CAA, CCEC, CD</p>	

	<p>2º-SLEB5.2 - Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p>	<p>básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CCEC</p>
SLE-B5.3	<p>2º-SLEB5.3 - Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os</p>	<p>Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p>	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	<p>CCL, CD, CAA, CCEC</p>

	coñecementos e as experiencias noutras linguas.						
SLE-B5.4	2º-SLEB5.4 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións plásticas. Textos escritos.</p>	CCL, CD, CAA, CCEC

	<p>2º-SLEB5.5 - Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p>	<p>datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p>	X	X	X	<p>INSTRUMENTOS: Escala de observación.</p>	<p>CAA, CCEC</p>
--	--	--	---	---	---	---	----------------------

7. Metodoloxía e materiais curriculares

Este ano escolar o centro está adscrito ao programa Edixgal para o primeiro ciclo da ESO. Así pois, o alumnado terá un ordenador e poderá acceder aos contidos das materias dun xeito dixital. No caso da nosa materia, a editorial Santillana facilítalle ao alumnado uns códigos para que poidan acceder aos contidos do libro de texto “Club Parachute 2” dun xeito dixital, pero terán que adquirir o libro de exercicios correspondente pola súa conta xa que, ao marxe do ámbito dixital, consideramos fundamental a presenza de soportes físicos nos que poder escribir á man. En todo caso o citado material didáctico non será o único en ser utilizado e os materiais curriculares serán variados e dependerán dos obxectivos pretendidos. O alumnado traballará tamén con fichas, cancións, fragmentos de películas, e levará a cabo dramatizacións e proxectos

Levaranse a cabo actividades de todo tipo para dotar o alumnado das ferramentas necesarias para expresarse oralmente e por escrito. Iniciarase a práctica con actividades deseñadas para averiguar coñecementos previos e practicar aqueles que xa se asimilaban teoricamente. Os novos contidos serán traballados en combinación cos xa adquiridos dentro dun marco comunicativo que ofrezca pautas de comportamento válidas na vida real. Poderanse traballar algunhas das cancións clásicas máis representativas de cantautores franceses para reforzar determinados aspectos gramaticais e introducir elementos culturais concretos.

As estratexias de aprendizaxe serán variadas e tratarase, a través delas, de motivar ao alumnado. Fomentarase a análise e a reflexión por parte do mesmo para desenvolver as capacidades de traballo autónomo.

En canto aos aspectos socioculturais, fomentarase a comparación dos modos de vida franceses e españois. As diferencias e similitudes. Tratarase de familiarizar o alumnado con nomes, lugares, datos históricos, símbolos e outros elementos representativos da cultura francesa (Cine, música, poesía...).

8. Os mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva.

Os mínimos esixibles son os que aparecen no apartado “Os estándares de aprendizaxe por cursos e por trimestres. O grao mínimo para superar a área, os instrumentos e os procedementos de avaliación”.

9. Medidas de atención á diversidade

Os diferentes ritmos de aprendizaxe poden ser significativos nunha mesma aula e o departamento estará atento para detectalos canto antes. De ser necesario e co informe do Departamento de Orientación, adaptaráselle contidos, actividades e tarefas, ao alumnado que poida necesitar ese tipo de apoio.

10. Programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes

Como xa se indicou, a área de lingua francesa réxese polo principio de avaliación continua, co que no caso de que un alumno, actualmente en 2º coa materia suspensa en 1º, supere en xuño os contidos correspondentes ao 2º curso, considerarase a materia de 1º superada igualmente.

11. Actividades complementarias extraescolares

Aínda que no momento da redacción da presente programación non hai ningunha actividade extraescolar prevista, non se descarta a posibilidade de realizar unha saída ao teatro, ou ao cine, ou de levar a cabo calquera outra actividade relacionada coa materia que poida xurdir.

12. O departamento de francés e a lectura

Unha boa competencia lectora, isto é ler, entender e interpretar o que se le, esixe uns bos coñecementos gramaticais, tanto na lingua propia como nunha estranxeira. Dende o Departamento de Francés contribuímos á melloría da citada competencia dun modo directo, xa que se manexa terminoloxía similar á utilizada en lingua galega, lingua castelá e inglés. As similitudes do francés coas primeiras favorecerán os coñecementos gramaticais tan necesarios para a adquisición dunha boa competencia lectora. Así, aínda no curso de 2º non se levarán a cabo análises gramaticais sistemáticos, o alumnado debería ser capaz de identificar elementos morfolóxicos nun texto e entender a sintaxe de frases cortas. A lectura en voz baixa e alta de pequenos textos que recollan conceptos xa vistos con anterioridade, próximos aos intereses do alumnado, con actividades de comprensión tanto orais como escritas, será unha actividade que se fará con bastante frecuencia.

Por outra parte o departamento de francés tratará de dar a coñecer algúns dos escritores máis representativos en lingua francesa, aínda que somos conscientes que un alumno de 2º tería moitas dificultades en achegarse a eles, máxime na linguaxe orixinal. Non obstante, algún texto dun poeta como Jacques Prévert sería perfectamente asequible, e na biblioteca hai numerosos libros da colección “chat noir”, con textos adaptados de Molière, Victor Hugo, Alejandro Dumas e outros. Tamén se recomendará a lectura en español ou galego dos clásicos “Tintín”, “Astérix e Obélix” así como “Lucky Luke”, cos que se poden aprender moitas cousas dun xeito ameno.

13. O Departamento de Francés e as TICs

Como xa se indicou, este ano o centro escolar adscribíse ao programa edixgal, co que o alumnado accederá aos contidos dun xeito dixital co seu propio ordenador, aínda que o libro físico de exercicios será o soporte máis usado no traballo do día a día. Non obstante, o departamento utilizará recursos dixitais variados para actividades puntuais de reforzo ou consolidación, por exemplo a plataforma “lepointdufle.net”, unha páxina con exercicios e actividades lúdicas que lle permitirán ao alumnado un traballo persoal e ao seu ritmo.

Utilizarase dun xeito sistemático o proxector na aula, tanto para explicar un determinado concepto como para ter en pantalla os exercicios do “cahier” onde aparecerán as correccións.

Puntualmente poderá utilizarse a “aula virtual” para actividades concretas ou para especificar algunha tarefa, pero xa que o alumnado dispón dun ordenador na aula cos contidos dixitais ao seu alcance, e de que a maioría das actividades están relacionadas co libro de exercicios, non se utilizará con moita frecuencia.

14. A programación da educación en valores

Dende a materia de Lingua Francesa fomentaranse os valores cívicos e democráticos do respecto aos demais e as diferenzas culturais, relixiosas e lingüísticas a partir de textos procedentes de diversas fontes e sempre que as circunstancias o permitan. Ademais, o estudo dunha lingua estranxeira como o Francés, lingua de orixe románica, permítelle ao alumnado coñecer e valorar os rasgos culturais comúns e a diversidade dos pobos de Europa.

Ademais se valorarán os hábitos de estudo e o respecto ás normas de organización que permitan aos alumnos desenvolver as súas capacidades autonomamente, coñecendo os seus dereitos e deberes, practicando a tolerancia, a responsabilidade e a solidariedade, e rexeitando os prexuízos, a violencia e a discriminación de calquera tipo.

Se é necesario empregárase a aula de convivencia como medio de solucionar conflitos e corrixir comportamentos.

15. As accións de contribución ao plan de convivencia

O respecto ás normas de convivencia é fundamental para levar a cabo calquera actividade docente, por iso se tratará dende o Departamento de francés de inculcarlle ao alumnado as elementais normas de cortesía, educación, tolerancia, respecto e responsabilidade para un axeitado desenvolvemento das sesións didácticas. Así, incidirase na necesidade de respectar os turnos de palabra e as opinións dos demais á hora de comentar algún texto ou algunha cuestión de actualidade que poida xerar polémica. Insistirase no poder do diálogo para a eventual resolución de conflitos instando ao alumnado a interiorizar os valores cívicos e democráticos para unha convivencia pacífica.

16. Os procedementos para avaliar a propia programación

Como xa se sinalou, a programación didáctica é un guión que se pretende seguir con certo rigor, aínda que determinados aspectos como os conceptos socioculturais poderán variar. Por outra parte, a avaliación inicial pode inducir ao docente a dedicarlle máis tempo ás tarefas de repaso, co que o guión previsto poderá sufrir modificacións. Nembargantes, non se alterarán de modo significativo os contidos previstos, aínda que se poderían modificar os procedementos para alcanzalos, xa que a experiencia demostra, que dependendo dos grupos, algunhas actividades teñen mellor acollida ou funcionan mellor que outras. Así, máis que avaliar a propia programación, o interesante é valorar as propias actividades, ou a metodoloxía empregada, ou mesmo o deseño das diferentes tarefas en función da acollida que xeneren.